

O Xulgado do Social declara improcedente o despido dun membro da CIG na Fundación Valdegodos



[1]

O Xulgado do Social número 3 de Ourense vén de declarar improcedente o despedimento dun membro da sección sindical da CIG da Fundación Valdegodos do Barco de Valdeorras. A sentenza, contra a que cabe recurso no TSXG, chega tras outras decisións xudiciais que obrigaron á empresa a abonar as horas extra e recoñecer a antigüidade do persoal. Dende a central nacionalista denuncian que a dirección da compañía pretende que todos os afiliados/as da CIG abandonen a empresa e anuncian que estudan presentar unha demanda por persecución sindical.

24/1/13.

Dende a Unión Local da CIG de Valdeorras explican que os incumprimentos por parte da Fundación Valdegodos son constantes, feito que xa foi posto en coñecemento da [Inspección de Traballo](#) [2].

Algúns destes incumprimentos foron subsanados mediante sentenzas xudiciais, como o recoñecemento das [horas extra](#) [3] ou da [antigüidade](#) [4] dos empregados/as.

Ao mesmo tempo, denuncian que a dirección "está a facer todo o posíbel para que os afiliados/as da CIG marchen da empresa porque non lle interesa a xente que non lles di a todo que si e que reclama o cumprimento do convenio colectivo", indican.

Neste senso, lembran que con anterioridade a dirección do centro xa sancionara a unha delegada sindical e a unha afiliada da CIG. "Os problemas comezaron nada máis entrar na empresa hai oito anos nas primeiras eleccións sindicais".

Finalmente, adiantan que non descartan presentar unha denuncia contra a Fundación Valdegodos por persecución sindical.

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] <http://www.galizacig.com/avantar/novas/22-2-2011/cig-valdeorras-esixe-unha-investigacion-en-profundidade-da-s-condicions-de-traballo-n>

[3] <http://www.galizacig.com/avantar/novas/23-3-2009/a-fundacion-valdegodos-condenada-a-pagar-22400-euros-a-24-traballadoras-en-concept>

[4] <http://www.galizacig.com/avantar/novas/24-9-2008/a-xustiza-reconece-a-antiguidade-dos-traballadores-e-traballadoras-da-fundacion-vald>